

Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 30 DE SETEMBRO DE 2016.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)  
Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)  
Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)  
Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)  
Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)  
Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).  
Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)  
Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)  
Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)  
Oubiña Santos, Ana Isabel  
Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)  
Pomares Botana, Eulogio (P.P.)  
Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)  
Serantes González, Luis Alberto (P.P.)  
Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

**NON ASISTE:**

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

**SECRETARIO XERAL**


D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte e unha horas e dous minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**I) PARTE RESOLUTIVA**



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)

## **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS: ORDINARIA CELEBRADA O 25 DE AGOSTO DE 2016, E EXTRAORDINARIA DE 30 DE AGOSTO DE 2016.**

Ordinaria de 25/08/2016 non hai observación quedando asprobada por unanimidade 15.

Extraordinaria de 30/08/2016, expón a Alcaldesa que existe un erro no encabezado xa que a acta é extraordinaria urxente, sometida a votación o erro detectado este é aprobado por unanimidade (15) en consecuencia queda aprobada a acta coa adición de urxente no encabezado.

**Dilixencia:** *A Alcaldesa expón que aínda que este é un pleno extraordinario e non se poden introducir asuntos urxentes sí que entende que o concello debe aprobar unha declaración institucional en apoio ao Concello de A Pobra, xa que queren solicitar unha rectificación á cadena catro e que xa se falou co voceiro do grupo municipal do PP.*

Vótase a urxencia e esta é aprobada por maioría absoluta e unanimidade dos membros presentes (15). Deseguido a Alcaldesa procede a dar lectura da declaración institucional que é a seguinte:

### **1.b) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CAMBADOS, EN APOIO AO MUNICIPIO DA POBRA DO CARAMIÑAL E AOS RESTANTES MUNICIPIOS DA RÍA DE AROUSA, RESPECTO DA LAMENTABLE IMAXE OFRECIDA POLO PROGRAMA "EN EL PUNTO DE MIRA" DA CADEA XENERALISTA CUATRO**

Como ben é sabido por todos os que nos coñecen, tanto Cambados como A Pobra do Caramiñal e os demais Concellos da Ría de Arousa, se por algo somos coñecidos é pola nosa hospitalidade e pola nosa tranquilidade. Moitos son os visitantes que se achegan a estas terras, á beira da nosa ría, a admirar o noso patrimonio, a nosa cultura e por suposto a nosa gastronomía.

Se algo nos caracteriza, non só aos cambadeses, senón a tódolos pobos irmáns da Ría de Arousa, é a capacidade de transmitirle a esos milleiros de visitantes que cada ano se achegan a nós, o de non atoparse como estranxeiros, senón coma na súa propia casa.

Esta actitude de xovialidade, e de saber ben vivir, é ben coñecida polos reporteiros, entre os que se atopan os que desenvolveron o programa "En el punto de mira". Así, e lonxe de impedirle o acceso libre para o desenvolvemento da súa actividade, en todo momento se lles facilitou a realización da mesma, en maior ou menor medida, desde distintos Concellos.

Dende o Concello de Cambados, lamentamos enormemente a desaparición da xoven Diana Quer, ao igual que tamén o lamentan os demais Concellos irmáns da Ría de Arousa, moitos dos cales se implicaron, dun ou doutro xeito, na súa busca, a cal agardamos de corazón que dé os seus froitos, e que remate coa aparición, con vida, de Diana.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

O caso desta desaparición lonxe de ser tratado coma unha noticia coa súa relevancia, foi convertido noutro circo mediático, ao igual que se ten feito conoutras novas semellantes, o cal en lugar de axudar, entorpece todo atisbo de esclarecemento da realidade.

Tildar aos veciños da Ría de Arousa, e máis concretamente aos da Pobra do Caramiñal, co rol de narcotraficantes, sicarios, e xente sen escrúpulos, recomendándolle á xente que non se achegue a estas terras, non só converte a nova en algo falaz, senon que raia a calumnias. Dende esta Corporación a cal presido, non imos a consentir esta afirmación fora de todo fundamento.

Os xornalistas da crónica emitida o martes 27 de setembro no programa "En el punto de mira" da cadea Cuatro, puxeron por riba da veracidade e do tema central do programa, que era a desaparición de Diana Quer, e por riba da súa profesionalidade, e do servizo e información á veciñanza, **a cuota de audiencia**, olvidándose en todo momento das repercusións que isto podería acarrear nos a todos.

Dan a sensación de non ter a sensibilidade suficiente para tratar este tema tan grave: a desaparición dunha muller, dunha filla, dunha veciña máis, cuxos motivos aínda non están claros e aínda están a ser investigados.

Falan de taxa de criminalidade disparada na Pobra do Caramiñal, descoñecendo en todo momento a realidade. Falan de que están acostumados a vivir co crime, non sabemos se froito dunha realidade allea a estas terras, ou froito da necesidade de atraer á audiencia con expresións que afondan máis se cabe nesa "basura" que últimamente é a que atrae a audiencia como a mel ás abellas. Expresións como "Diana Quer ha desaparecido en el peor lugar posible", "Diana no desaparece en un lugar cualquiera, desaparece en la capital del narcotráfico en España, en la Ría de Arousa" ou "una zona con una tasa de criminalidad disparada y acostumbrada a vivir con el crimen, a ver, oír y callar." Expresións desde logo, que non retratan nin de lonxe a forma de vida dos arousáns, e coas que estamos en profundo desacordo, provocando o noso rexeitamento.

Por todo elo, os membros desta corporación municipal, facéndonos eco da xustificada indignación de todo un pobo, de toda unha Ría, de todo un sentir, desmentimos de xeito categórico as falsas afirmacións verquidas nese programa contra o Concello de A Pobra do Caramiñal, e contra a Ría de Arousa no seu conxunto, esixindo a rectificación inmediata por parte da cadea que a difundiu en horario de máxima audiencia.

Ao mesmo tempo queremos trasladar á cidadanía a nosa unión ante esta aldraxe, a solidariedade co Concello de A Pobra do Caramiñal, e cos demais concellos da Ría de Arousa, e a repulsa polas calumnias e difamacións feitas no citado programa. Non quixeramos rematar sen trasladar o noso sentir ao conxunto do pobo español, lembrándolles que A Pobra do Caramiñal e os demais Concellos da Ría de Arousa, seguimos a ser pobos tranquilos e acolledores, xoviais e afables, que seguirán a recibir a todos cos brazos abertos; pois lonxe de cambiar, se cabe, este tipo de noticias só serven para reafirmarnos no que somos: persoas tranquilas e sinxelas, orgullosas da nosa Ría, da nosa cultura, do noso patrimonio e da nosa gastronomía.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

Sometida a declaración institucional a votación esta é aprobada por unanimidade (15) dos membros presentes.

## **2.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA D<sup>a</sup> ISABEL OUBIÑA SANTOS**

Con data de 2 de setembro de 2016 recíbese por parte da Xunta Electoral Central credencial expresiva de que foi designada concelleira do Concello de Cambados (Pontevedra) Ana Isabel Oubiña Santos en substitución por renuncia de Don Juan José Cores Chaves habéndolle efectuado entrega da mesma o 23 de setembro de 2016 e habendo presentado a interesada as declaracións a que se refiére o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Acto seguido la interesada toma posesión bajo la siguiente fórmula:

***Juro por mi conciencia y honor cumplir fielmente las obligaciones del cargo de concejal del Ayuntamiento de Cambados, con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la constitución, como norma fundamental del Estado***

Dálle a noraboa a Alcaldesa e pasa a sentarse no escano.

## **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2015.**

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

*A Comisión Especial de Contas, en sesión extraordinaria celebrada o 27 de setembro de 2016, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:*

### **REMISIÓN DE INFORME DA CONTA XERAL DO EXERCIZO DE 2015.**

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen explica dí que a execución do orzamento do ano 2015 tivo ao anterior grupo de goberno e ao actual, que en resumo a Conta Xeral presenta un superávit der 117.056 euros, que se tiveron en conta os saldos de dubidoso cobro por importe de 569.000,00 €, e que en caso de non aplicarse esta provisión acadaríase un superávit maior. Que ese superávit non chegaría para pagar as facturas pendentes de pago por un importe de 1.100.000,00 euros, correspondentes a maior parte á xestión do anterior goberno e que están procurando facer fronte aos pagos pendentes que se están a reducir.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada con 3 votos a favor Srs. Charlín Trigo, Caamaño Rivas e Cordal Rodríguez e 2 abstencións Sres Aragunde Aragunde e Iglesias Pombo. En consecuencia queda informada favorablemente a proposta da Alcaldesa sobre a aprobación da Conta Xeral do exercizo de 2015 nos seguintes términos:



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Primeiro.- Infomar favorablemente a Conta Xeral do Concello de Cambados correspondente ao exercizo 2015.

Segundo.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2015.


Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 212.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais rendir ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada, na forma que establece o apartado terceiro da Resolución do 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da cuenta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición.

Rematada a lectura intervén o Sr. Charlín Trigo quen expón que a conta xeral foi sometida a dictame da Comisión Especial de Contas e sometida a información pública sen que se presentasen alegacións contra a mesma. Que no exercizo de 2015 houbo dúas xestións primeiro co PP e logo co actual grupo de goberno despois das eleccións municipais, que o remanente de tesourería é positivo en máis de 110.000,00 euros, que se fixeron axustes polos saldos de dubidoso cobro os cales diminuíron o remanente de tesourería para gastos xerais en aplicación do previsto na base 18ª de execución do orzamento, que existiu un desequilibrio orzamentario de 200.000,00 euros pola xestión que fixo o PP o que obrigou a formular un plan económico financeiro, que se incrementaron con novo equipo de goberno as propostas de gasto e que se impuxeron medidas de control e racionalización do gasto xa que antes existían contratos verbais, outros sen aplicación orzamentaria e non se aprobaban pregos. Remata dicindo que a conta xeral é formada pola intervención municipal.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que en primeiro lugar cando haxa un cambio de data na celebración do pleno debe consensuarse. No tocante aos datos aportados polo concelleiro de economía e facenda compre dicir que se estaban pendentes de pago 1.090.000,00 euros, non é menos certo que había ingresos pendentes de cobro de 900.000,00 euros e en entidades bancarias había 400.000,00 euros, que o resultado non é tan malo xa que existe un remanente de tesourería positivo cun superávit para fgastos xerais de 117.000,00 euros, que é certo que no ano 2015 se gastou moito pero é que había que arranxar problemas e facer fronte ás demandas veciñais. Que o concello de Cambados ten unha das débedas con entidades financeiras máis baixas en municipios de máis de 10.000 habitantes, que isto tamén é unha herdanza que o actual grupo de goberno recibiu do PP. Remata anunciando o voto favorable do seu grupo.

Interén o Sr. Charlín Trigo quen dí que eles tamén están a prestar servizos pero que é unha casualidade que se disparase o gasto xusto antes das eleccións municipais. Con respecto á débeda dí que o Concello de Cambados ocupa o posto 20 dos concellos que teñen máis débeda na provincia de Pontevedra, que quizáis habería que analizar de onde ven esa débeda

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que é certo que se podía haber feito máis, que o que eles facían era buscar fondos en outras administración e reprochalle ao Sr. Charlín Trigo que dixera que había que ser autosuficientes, que



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

deben xestinar millor e buscar fondos para a ruta do viño ou para o equipamento do centro de día e que deben dirixirse á deputación provincial. Anuncia que se verá ao remate do ano 2016 que a deputación vai a destinar menos cartos a cambados que en exercizos anteriores e que as subvencións virán da Xunta de Galicia, que se está licitando pola Xunta de Galicia as obras do instituto Asorey (1.000.000,00 euros) e que o que se fixo foi e será polo partido popular como o centro de día ou a piscina.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle ao voceiro do grupo municipal do PP que en canto aos exemplos estivo pouco atinado, que no centro de día a a Esperanza Salnés non se lle deu nada e que na praza de abastos todavía están pendentes.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que o que dixo con autofinanciarse non debe terxiversarse, que claro que pedirán subvencións pero que o concello non pode depender exclusivamente destas aportacións senón que debe facer unha xestión responsable dos cartos públicos

*Dilixencia: Para facer constar que a Sra. Alcaldesa chama á orde por primeira vez ao Sr. Aragunde Aragunde.*

Prosegue dicindo que a Xunta de Galicia non é o PP, que onde está a subvención a Esperanza Salnés, que a deputación deulle 1.000.000,00 de euros e que por exemplo Portos de Galicia cóbralles máis que ben (60.000,00 euros), que cando fala de inversión na praza de abastos xa se estaría a fecer se se tramitase ben e contase cos premisos. Remata dicindo de que valeu facer o pabillón de Rosalía de Castro.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen quere aclarar que a Xunta de Galicia deulle 15.000,00 euros a Esperanza Salnés e que este ano dará tamén para suplir á deputación provincial. Que conseguiron 3.000.000,00 de euros de todas as administración para a praza de abastos e 500.000,00 euros para o Cabanillas xa que os técnicos dicísn que ahabía que arranxar unha zona e que se agora entra auga ben poden conseguir 30.000,00 euros para arranxar a cuberta.

Remata dicindo que a rúa feita é unha máis que non teñen que facer, que os terreos non eran del e que era para conectar dous viais públicos, que o centro de día vai retrasado, que pide rigor sobre o proxecto da piscina que se dixo que se pagou dúas veces. Anuncia que non obstante van a votar a favor da aprobación da conta xeral.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que no proxecto da praza de abastos o concello ten que aportar 1.000.000,00 de euros, da datos de subvencións que conqueriron neste exercizo. Dí que a Xunta de Galicia vai a facer o cambio da cuberta porque el titular do inmovle e que custa 200.000,00 euros.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen dí que cando chega unha subvención da xunta de Galicia dice que ven do PP e que iso non é certo, que as subvencións teñen que ser obxectivas e transparentes e que cando acuden á Xunta non se lles trata con equidade. Que non se pode poñer como exemplo a deputación de Louzán xa que as



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

cousas hai que conseguilas con papeis e non nunha xuntanza e que ise modelo de deputación era corrupto.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que o que non sae do seu asombro é él, que a deputación provincial quíttalle 20.000,00 euros a Esperanza Salnés e non pasa nada, que está orgulloso de sacar a mellor inversión para o seu municipio, que só faltaría que ao concello de Cambados lle deran menos, que agora como din na deputación todo é ecuánime, que deron 2.000.000,00 euros nuns convenios e que non dixeron para que concellos se destinaban, que fan o mesmo pero con outro nome.

Intervén a Sra. Alcadesa dicindo que ela non vai aos plenos da deputación como dí o voceiro do PP que foi a un pleno en apoio dun deputado provincial.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen manifesta que él non dí que o voceiro do PP non faga xestións, que tamén él ten solicitado moitas xuntanzas pero que lles costa recibilo.

Sometido a proposta a votación este é apreciada por unanimidade (16), en consecuencia queda aprobada a Conta Xeral do Concello de Cambados do exercicio de 2015 non termos en que foi presentada.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2016.**

Procede o secretario á lectura en extracto do dictame que é o seguinte:

*A Comisión Informativa Permanente de Facenda e Patrimonio, en sesión extraordinaria celebrada o 27 de setembro de 2016, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:*

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2016.**

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade. En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da Alcaldía nos seguintes termos:

Vista a necesidade de recoñecer extrajudicialmente créditos debido á presentación de facturas no departamento de Intervención correspondentes a exercicios anteriores, que non foron pagadas durante o devandito período, que se relacionan a continuación:

<b>Nº E DATA REXISTRO FACTURAS</b>	<b>Nº E DATA FACTURA</b>	<b>TERCEIRO</b>	<b>OBXECTO</b>	<b>IMPORTE</b>
1655 03/06/2016	FV2-15-00838 31/05/2015	GENERAL ELEVADORES	Reparación elevador <b>abril</b>	218,30 €



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

		XXI, S.L.	<b>2015</b>	
1656 03/06/2016	FV2-15-34973 01/07/2015	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	Servicio conservación e mantemento elevadores <b>xullo 2015</b>	871,20 €
2347 28/07/2016	201603266 05/07/2016	XERENCIA XESTIÓN INTERGADA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS (CHOP)	Consulta urxencias atención primaria <b>05/09/2015</b>	256,87 €
2987 19/09/2016	234 30/07/2014	BODEGAS DEL PALACIO DE FEIÑANES, S.L.	Visita degustación 2 viños <b>30/07/2014</b>	240,31 €
2988 19/09/2016	93 15/04/2014	BODEGAS DEL PALACIO DE FEIÑANES, S.L.	Albariño de feñiñanes, 2013 75CL <b>15/04/2014</b>	123,42 €
<b>TOTAL</b>				<b>1.710,10 €</b>

Visto o informe de Intervención de data 22 de setembro de 2016, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o tivesen sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.


En atención ao exposto, teño a ben propoñer á Comisión de Facenda a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016, correspondentes a exercicios anteriores, que se relacionan a continuación:

Nº E DATA REXISTRO FACTURAS	Nº E DATA FACTURA	TERCEIRO	OBXECTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
1655 03/06/2016	FV2-15- 00838 31/05/2015	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	Reparación elevador <b>abril 2015</b>	218,30 €	920.212.00 (Bolsa vinculación)
1656 03/06/2016	FV2-15- 34973 01/07/2015	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	Servicio conservación e mantemento elevadores <b>xullo 2015</b>	871,20 €	334.212.00 326.212.00 920.212.00 (Bolsa vinculación) 4312.212.00 (Bolsa vinculación) 312.212.00 3321.212.00
2347	201603266	XERENCIA	Consulta	256,87 €	341.226.09





Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

28/07/2016	05/07/2016	XESTIÓN INTERGADA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS (CHOP)	urxencias atención primaria <b>05/09/2015</b>		(Bolsa vinculación)
2987 19/09/2016	234 30/07/2014	BODEGAS DEL PALACIO DE FEIÑANES, S.L.	Visita degustación 2 viños <b>30/07/2014</b>	240,31 €	920.226.01
2988 19/09/2016	93 15/04/2014	BODEGAS DEL PALACIO DE FEIÑANES, S.L.	Albariño de feiñanes, 2013 75CL <b>15/04/2014</b>	123,42 €	920.226.01
<b>TOTAL</b>				<b>1.710,10 €</b>	

**SEGUNDO.** Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas no punto anterior, das cales se realizou a correspondente retención.

**TERCEIRO.** Dar traslado do presente acordo a Intervención.

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dí que estes 1.710,10 euros se corresponden con facturas de exercizos anteriores e que compre aprobalas para non incorrer nun enriquecemento inxusto, que as facturas están conformadas e os traballos foron realizados. Remata dicindo que xa se está a cumprir o periodo medio de pago a provedores.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen anuncia o voto favorable do seu grupo.

Sometida a proposta a votación esta é apreciada por unanimidade (16), en consecuencia queda aprobado o expediente de recoñecemento extraxudicial nº 3/2016 non termos en que foi presentada a proposta.

## **II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.**

### **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A CESIÓN DA TITULARIDADE DE PARTE DO BAIXO DA CASA DO MAR PARA ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAI**

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen da lectura ao acordo do grupo municipal de goberno que é o seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Presidente do Fogar de Xubilados e Pensionistas da Casa do Mar de Cambados ten trasladado á Xunta de Galicia a necesidade de realizar reformas de mellora no local-baixo da Casa do Mar de Cambados que utilizan os xubilados e pensionistas da mesma.

Nese local-baixo existen filtracións de auga polas fiestras e polas paredes, humidades, desprendementos do teito e iluminación defectuosa con cables deteriorados. Ademais conta cuns aseos en mal estado que non dispoñen da pertinente accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Asemade, o mobiliario é moi vello e, nalgúns casos, ruinoso. Así, hai unha cociña podrecida, un



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

billar roto, dúas televisións que non funcionan e oito sofás inservibles, que teñen polilla.

O Presidente de dito Fogar de Xubilados e Pensionistas tense dirixido tamén a este concelleiro para intentar atopar unha solución para estes problemas. O desexo da súa directiva é que se realicen as reformas oportunas e se recollan eses mobles en mal estado e se saquen fóra do local que ocupan.

Pola súa banda, o Concello de Cambados, tal como manifestou este concelleiro en escrito enviado á Xunta de Galicia o pasado 19 de febreiro deste ano 2106, amosouse disposto a recoller eses mobles en mal estado e gardalos nas súas dependencias municipais. Xa que logo, pedíuselle á Xunta que nos permitise recoller e gardar dito mobiliario nas dependencias municipais do Concello de Cambados. Con todo, non nos consta unha resposta positiva da Xunta ao respecto da nosa petición.

En consecuencia co anteriormente exposto, o Goberno municipal do Concello de Cambados tomou a decisión de solicitarlle á Xunta de Galicia a cesión da titularidade da parte do baixo da Casa do Mar que vén sendo utilizado como Fogar de Xubilados e Pensionistas.

Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados **PROPÓN**, para a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal, o seguinte:

#### **ACORDO**

Solicitar á Xunta de Galicia a cesión da titularidade de parte do baixo da Casa do Mar de Cambados para a realización no mesmo de actividades socio-culturais, concretamente o local que vén sendo utilizado como Fogar de Xubilados e Pensionistas .

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde dicindo que van a apoiar a proposta.

Sometido o asunto a votación este é aprobado por unanimidade, en consecuencia queda aprobado o acordo do grupo de goberno para solicitar á Xunta de Galicia a cesión da titularidade de parte do baixo da casa do mar para actividades socio-culturais nos termos en que foi presentado.


***Dilixencia: Para facer constar que cando son as 22:11 horas faise un receso continuándose a sesión ás 22:20 horas.***

#### **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO PARA DECLARAR O MUNICIPIO DE CAMBADOS OPOSTO AO ACORDO TRASATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO TTIP.**

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen da lectura á moción que é a seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Comisión Europea iniciou a negociación cos Estados Unidos (EEUU) para o desenvolvemento do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (en inglés TTIP) en 2013. Desde entón, a UE e EEUU están a negociar, de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos (parlamentos), un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia, a



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

soberanía e a debida protección dos dereitos humanos e a natureza, antepondo o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.

O TTIP inclúe medidas para a protección dos investidores a través de Mecanismos de Arbitraje Inversor-Estado (ISDS) que establecerán compensacións económicas dos estados aos investidores cando se reduzan os beneficios presentes e/ou futuros dunha compañía (aínda que isto implique a desprotección de dereitos laborais ou da natureza), e onde, ademais dos altos custos, as decisións son firmes e non poden ser apeladas.

A pesar de que a Comisión Europea propuxo recentemente unha reforma do ISDS, a través da introdución do Sistema Xudicial de Inversores (ICS en inglés), dita reforma non aborda os efectos fundamentais do ISDS. O ICS introduce unha cara máis amable do ISDS, pero os privilexios dos inversores seguirían sendo os mesmos pois, entre outras cuestións, os estados continuarían sen poder demandar ás empresas..

Ao tempo, o TTIP instaura a creación dun ente permanente chamado Organismo de Cooperación Reguladora que supervisará todos os regulamentos e actos normativos da UE e os seus Estados Membros (incluídos gobernos central e local) que dá acceso directo a que os lobbies empresariais influan e modifiquen no seu propio beneficio a lexislación actual e futura. A cooperación reguladora implicaría que calquera iniciativa regulamentaria municipal podería ser cuestionada polas ETN, funcionando como un filtro custo-beneficio e como unha avaliación de impacto comercial, o que na práctica suporía un bloqueo da maioría das normas que se pretendesen establecer (facendo practicamente imposibles, por exemplo, as remunicipalizacións).

Este tratado suporía a mercantilización absoluta das nosas vidas e o sometemento total da soberanía dos estados aos intereses das grandes corporacións.

Á cidadanía interésalle que os servizos públicos sexan eficientes para asegurar unha boa calidade de vida. O Tratado de Lisboa concede aos Estados Membros da UE a competencia para definir e organizar os servizos do interese xeral. En contraste con iso, os acordos comerciais implican, a miúdo, o risco de restrinxir as políticas públicas con "cláusulas freo", especialmente no campo dos servizos públicos.

Calquera clase de acordo, incluíndo a contratación pública debe conducir a aumentar as garantías e non a reducilas. O TTIP non debe, á súa vez, pór en perigo os aspectos progresivos da lei de contratación pública da UE, xa que estes permiten que se realicen as contratacións públicas, tendo non só en conta o prezo senón tamén outros aspectos como os ambientais e os sociais.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás ETN, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos e compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos representantes elixidos para administrar libremente as súas comunidades, así como promocionar a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica dismantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais.

A maior liberalización das relacións comerciais EEUU-UE, tal como está concibida, implicaría unha rebaixa dos estándares europeos e estadounidenses, xa que ditos regulamentos enfrontáanse aos beneficios das corporacións. Deste xeito poríase fin ao "principio de precaución" vixente en Europa, o cal regula a lexislación sobre alimentación e dereitos dos consumidores e consumidoras de Europa.

A aprobación do TTIP contribuiría, no caso do Estado español, á planificada ofensiva do neoliberalismo conservador do goberno estatal de desmantelamento dos municipios, que baixo o nome de *Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local* pretende tres obxectivos básicos:

- Restringir a democracia e a autonomía local.
- Suprimir competencias e servizos públicos locais.
- Privatizar de xeito total os servizos municipais.

As cidades e os municipios europeos recoñecen a importancia do comercio de mercadorías e de servizos para o benestar da cidadanía. Con todo, a competitividade e o desenvolvemento económico non deberían ser os únicos criterios para determinar os acordos comerciais tales como o TTIP. Así mesmo, os aspectos ecolóxicos e sociais teñen que ser considerados en calquera negociación comercial bilateral.

Os diferentes gobernos da UE, dende o local ao estatal, teñen dereito a ser informados sobre a lexislación que vai ser acordada a escala europea, para que deste xeito poidan expresar as súas opinións. Dereito que, no caso dos diferentes tratados de libre comercio (como o TTIP ou o CETA) non se facilitou.

As Administracións Locais:

- ao estar preto das necesidades dos seus pobos, teñen o deber de inxerencia e de resposta respecto do que planea o TTIP, se non queren ser corresponsables de poñer ás persoas e ao planeta en perigo.
- sendo as canles adecuadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, esfórzanse para a súa promoción como resposta ao interese común.
- están obrigadas a resolver os retos sociais, económicos e ambientais e, conseguintemente, a defender a universalidade dos servizos públicos e a protección da cidadanía. O TTIP implicará a aplicación de prácticas hoxe prohibidas na UE.

As colectividades locais desexan ampliar o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Tratado e a sorte que correrán os servizos e compras públicos:



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

- comercio e o investimento soamente poden contribuír ao ben común e conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respecta as necesidades humanas en todo lugar, e non se basea no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais.
- a eliminación programada e progresiva dos servizos públicos é ao mesmo tempo a eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia.
- a apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo.
- os dereitos sociais son dereitos inalienables, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado.
- só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos e en todas partes, en estreito nexco co exercicio real da democracia.
- control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.
- Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados **PROPÓN**, para a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal, o seguinte:

**ACORDO**

- 1.- Declarar ao Municipio de Cambados como "**Municipio oposto ao Acordo Transatlántico de Comercio e Inversión (en inglés TTIP)**", defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
- 2.- Solicitar do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do Goberno de España:
  - seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos chamados **servizos socialmente útiles**.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

- a derogación inmediata con carácter retroactivo da "**Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local**" para legislar no seu lugar unha nova normativa enfocada ao desenvolvemento da economía local.

3.- Solicitar do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España a **suspensión das negociacións do TTIP e outros acordos comerciais similares** como o **TISA** (Acordo Multilateral para a Liberalización e Privatización de Servizos Públicos), e a **non ratificación do CETA** (Acordo de Libre Comercio entre Canadá e a UE).

4.- Solicitar igualmente do Ministerio de Economía e Competitividade do Goberno de España que:

- mecanismos como o **ISDS**, o **ICS** ou similares non sexan incluídos neste nin en ningún outro Tratado, e sexan eliminados dos tratados actualmente en vigor.
- se aplique o mesmo que no punto anterior para disposicións sobre **servizos públicos e a propiedade intelectual**, e que sexan excluídos do Tratado.
- **se evite a participación directa ou indirecta das ETN**, a través de calquera tipo de organismo ou lobby, **nos procesos reguladores ou normativos da UE** e os seus Estados Membros en relación con temas sociais, laborais, sanitarios, medioambientais ou de calquera outra materia. Os entes reguladores públicos poderán en todo caso establecer consultas non discriminatorias coas organizacións democráticas da sociedade civil.
- no caso de que as negociacións do TTIP frutifiquen nun texto consolidado, o proceso de ratificación, en coherencia coa legalidade europea e cos precedentes de anteriores tratados de carácter mixto, teña que pasar, ademais de polo Consello e o Parlamento Europeo, polos parlamentos dos 28 Estados Membros da UE e por referéndums vinculantes, xa que o contido do TTIP desborda as competencias exclusivas da Comisión Europea e **debe ser, por tanto, considerado como un acordo mixto**. A mesma esixencia é aplicable á ratificación do CETA e do TISA.
- Tratado non se limite a obxectivos meramente económicos, **que non se perdan competencias e que se lle dea a mesma importancia e consideración aos obxectivos sociais e aos ambientais**.
- se termine a actual falta de transparencia das negociacións, **se faga pública toda a información e se abra un debate público na UE e nos seus respectivos parlamentos nacionais**.

5.- Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e a todos os grupos parlamentares do Parlamento de Galicia, do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, para que se rexistre e quede constancia do mesmo



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen anuncia o voto favorable do seu grupo en base a que se vai perder o control sanitario de moitos produtos que se poden introducir na UE.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen manifesta que o BNG levou unha moción nesta liña ao parlamento de Galicia e que consideran que se está abrindo a lexislación para que as multinacionais controlen o mercado, isto é lexíslase para o poder económico.

Sometido o acordo de goberno este votado favorablemente por unanimidade dos mebrs presentes (16). En consecuencia queda aprobado o acordo do grupo de goberno para declarar o municipio de cambados oposto ao acordo trasatlántico de comercio e investimento TTIP.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A PROCEDER Á APERTURA DO CENTRO DE DÍA NA MAIOR BREVIDADE POSIBLE.**

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez dicindo que lle gustaría que os debates foran o máis respetuosos posibles, dí que o PP dixo que esta era unha moción demagóxica e eu vou tratar de demostrar que non o é, en primeiro lugar porque xa tivo efectos ao presentala supuxo que o xerente me entregou unha copia das chaves do centro de día. Por iso solicito que se elimine o punto 3º onde se dí "Solicitar á Xunta de Galicia unha copia das chaves do Centro de Día.", asimesmo eliminar na segunda páxina onde se establece que non nos facilitaron chaves do edificio (a pesar das nosas peticións).

Xa en materia dí que quen empezou a xerar política con este tema foi o PP de Cambados, culpándonos de que non se abriera o centro de día, enviando folletos polas casas e que cré que vai sendo hora para reforzar a demanda do centro de día.

Acto seguido procede á lectura do acordo de goberno que coas correccións solicitadas queda do seguinte xeito:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Desde que chegamos ao goberno municipal, a posta en funcionamento do Centro de Día é unha das nosas maiores prioridades. Antes de que remataran as obras, puxémonos en contacto en varias ocasións coa Xunta de Galicia para interesarnos por cando se podería proceder á súa apertura. A resposta por parte da administración autonómica non daba chegado, ata o punto que cando os seus representantes viñeron a Cambados para certificar a finalización do edificio, o 9 de novembro de 2015 (data que coñecemos a través da empresa construtora), non tiveron a deferencia de avisar ao Concello. Polo tanto, no Concello de Cambados seguimos sen ter notificación do remate das obras.

Na reunión que, por fin, nos foi concedida á alcaldesa e a este concelleiro na Consellería de Política Social, o 7 de decembro de 2015, suxeríusenos que Cambados se incorporara ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A notificación da Xunta na que se nos enviou o formulario de solicitude de incorporación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar chegou ao



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Concello o 23 de decembro de 2015. A intención deste goberno municipal era levar ao seguinte pleno, o do 28 de xaneiro de 2016, dita adhesión, pero atopámonos cun informe desfavorable asinado polo Secretario e a Interventora do Concello, fundamentado na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Esta lei fora impugnada ante o Tribunal Constitucional, quen na súa sentenza do 8 de marzo de 2016 anulouna parcialmente e permitiulle así aos Concellos prestar novos servizos sociais.

Así, o Tribunal Constitucional estimou a impugnación relativa ás disposicións transitorias 1ª, 2ª e 3ª e á disposición adicional 11ª da citada lei. Ditas disposicións prohibían ás Comunidades Autónomas atribuír aos entes locais servizos de asistencia social e atención primaria á saúde como "competencias propias locais"; ao mesmo tempo, co fin de que os entes locais deixaran de prestar ditos servizos, regulaban o procedemento de traspaso ás Comunidades Autónomas.

Segundo, o Tribunal Constitucional os servizos de asistencia social e atención primaria á saúde son competencias das Comunidades Autónomas que "o nivel municipal viña prestando porque así o decidiron (ou permitiron) as Comunidades Autónomas (ao amparo dos Estatutos de Autonomía) ou o Estado" (en aplicación do art. 149.1.18 CE), "ou, simplemente, porque foron desenvolvidos de feito polos Concellos".

A sentenza do 8 de marzo de 2016 explica que o Estado "só poderá atribuír competencias locais específicas, ou prohibir que estas se desenvolvan no nivel local, cando teña a competencia na materia ou sector de que se trate". "En materias de competencia autonómica, só as Comunidades Autónomas poden atribuír competencias locais ou prohibir que o nivel local as desenvolva; suxeitándose en todo caso ás esixencias derivadas da Constitución".

En consecuencia, e na medida en que impedían ás Comunidades Autónomas descentralizar servizos da súa competencia, ambas disposicións "superaban o ámbito que a Constitución asigna a unha regulación básica sobre atribucións locais (art. 149.1.18 CE) e, con elo, invadían as competencias autonómicas de asistencia social e sanidade" recollidas nos Estatutos de Autonomía.

Unha vez coñecida esta sentenza do Tribunal Constitucional, falamos de novo co Secretario e coa Interventora e decidimos, co seu visto bo, levar a incorporación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ao pleno dese mesmo mes de marzo, celebrado o día 31.

O 16 de xuño solicitamos cita de novo co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, quen recibiu á alcaldesa e a este concelleiro o 21 de xullo. Nesa reunión comunicóusenos que a Xunta de Galicia non dispoñía de 70 mil euros (o Concello tería que poñer outros 20 mil euros) para o equipamento do Centro de Día de Cambados. De maneira que eses 70 mil euros deberían ser incluídos primeiro nos novos orzamentos da Xunta para o ano 2017 e ata a entrada en vigor dos mesmos non se podería dotar de equipamento ao Centro de Día de Cambados. Iso supón, en palabras do propio xerente, que a apertura do Centro de Día de Cambados non se produciría antes do mes de marzo de 2017.

O goberno municipal, logo dos máis de 10 meses transcorridos dende o remate das obras, non aprecia unha decidida vontade por parte da Xunta para abrir o Centro de Día de Cambados coa celeridade que nos demandamos. Así, aínda non nos notificaron o remate das obras, non o dotaron de equipamento e non sacaron a concurso a súa xestión.





**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Pola nosa parte, tal como fixemos dende un principio, aceptamos as condicións que nos suxeriu a Xunta, sinaladamente as que leva consigo á incorporación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e que supoñen que o Concello de Cambados terá que aboar 2500 euros ao ano por cada usuario do Centro de Día empadroadado no noso Concello. Asemade, asumimos tamén, tal como se nos pediu, a achega de 20 mil euros para o equipamento do Centro de Día. Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados **PROPÓN**, para a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal, o seguinte:

### **ACORDO**

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que realice os trámites pertinentes para proceder á apertura do Centro de Día na maior brevidade posible.

Segundo.- Asumir o compromiso deste Concello para realizar as achegas que lle corresponden en relación co Centro de Día pola súa incorporación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ademais de 20 mil euros para o equipamento.

Terceiro.- Notificar estes acordos á Xunta de Galicia.

Despois da lectura dí que lle estivo insistindo con reiteración ao secretario do concello para que remitira o acordo de adhesión ao consorcio de servizos sociais e lembra que no ano 2006 se presentou unha moción do BNG no que solicitaba a adhesión ao consorcio e non foi aprobada polo goberno entón do PP.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde que dí que efectivamente para eles é unha cuestión demagóxica e que non se pode culpar á Xunta de Galicia. Prosegue a dicir que o anterior goberno xestionou este centro cando había moitos concellos que o solicitaban, que con eles estaría aberto xa que tiñan o compromiso da deputación de Pontevedra para o equipamento (70.000,00 €). Dí que o centro de día rematouse en novembro e non entendía como nos vos deixaban as chaves, que o grupo de goberno solicitou unha xuntanza a mediados de decembro e en 15 días tiñades os formularios que vos esixían. Que ten entendido que se consultou coa deputación preto da xestión do centro de día na que existían eses informes desfavorables de secretaría e intervención e que por parte da deputación se dixo que podería abrir dito centro, que con eses 6 meses (3 para o acordo e outros 3 para notifícalo) prodúcese un retraso dun ano xa que en xuño os orzamentos estaban esgotados. Insiste en que a culpa do retraso é do actual grupo de goberno e quere matizar que no ano 2006 non entraron no consorcio porque lles esixían entregar a gardería.

Intervén a Alcaldesa quen dí que a lei o que non permite son os servizos de nova creación e que os informes de que dispoñían tanto de secretaría como de intervención eran desfavorables e son os informes que hai que ter en conta.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez quen dí que cando se reuniron co concelleiro non se lles dixo nada da deputación, que non entende como en xuño a Xunta de Galicia non vai ter 70.000,00 euros xa que sí os teñen para outras cousas. Remata dicindo que todo son obstáculos pola Xunta de Galicia que cando se solicita reforzo dun médico se lles ofrece unha garde de seguridade.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

Intervén o Sr. Charlín Trigo quen dín que na xuntanza co asesor xurídico da deputación foi no mes de marzo e quedou pendente de remitir un informe o cal non chegou a enviar.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas quen dí que no famoso bipartito o delegado estivo para falar co Sr. Tourís namentres que él non conseguiu unha entrevista ata ano e medio despois.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que difamar é dicir que a Xunta de Galicia non ten vontade de abrir o centro de día, que porqué se esperou dende o 7 de decembro ata marzo para tratar ese tema coa deputación, con respecto ao médico dí que o mércores había un médico de reforzo e que no que respecta aos fogos artificiais foi unha negligencia do concello, que faltaba documentación e estivo o venres un funcionario esperando ata a 4 da tarde, que se lle requiriu ao concello dúas veces. A ambulancia efectivamente se mandou un orzamento para a primeira, que para a segunda ambulancia ten que pagala o concello e que se remitiu un orzamento e o concello non respostou. Amósase o compromiso da Xunta de Galicia como é a asistencia do Presidente moito máis que a deputación.

O xoves ás 15:00 horas foi cando me confirmaron o do médico. A primeira vez que chamaron a Cambados foi onte e non me dixo o concelleiro na xuntanza tida o 7 de decembro que o equipamento tivera que pagalo a deputación.

Intervén o Sr. Chalín Trigo quen dí que lle sorprende moito que teñan máis documentación que eles. A esa xuntanza coa deputación fun co secretario xa que era a persoa máis reacia a levar o asunto ao pleno e o funcionario da deputación non chegou a emitir o informe.

Sométese a emenda presentada a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9

Abstencións: 7 (membros do grupo municipal do PP e Sra. Oubiña Santos)

Queda aprobada a emenda, sometido o texto emendado acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 9

Votos en contra: 7 (membros do grupo municipal do PP e Sra. Oubiña Santos)


En consecuencia queda aprobado o acordo do grupo de goberno para instar á Xunta de Galicia a proceder á apertura do centro de día na maior brevidade posible.

## **8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

O pleno dase por enterado

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS**

O sr. Aragunde Aragunde formula o seguinte rogo: Que se inste aos grupos políticos que teñen publicidade fora dos paneis para que a retiren.



**Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)**

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vintetrés horas e quince minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace  
A ALCALDESA

O SECRETARIO XERAL